

E. González Seoane (2002): “Léxico dialectal e estándar literario”, en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 95-113.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

LÉXICO DIALECTAL E ESTÁNDAR LITERARIO

Ernesto González Seoane

Instituto da Lingua Galega. USC

Este traballo pretende mostra-las repercusións do uso literario sobre a difusión e sobre o estatuto de palabras que en principio teñen unha escasa presenza na lingua oral espontánea e popular e, de maneira especial, daquelas que as enquisas dialectolóxicas nos mostran como características de áreas dialectais marxinais ou restrinxidas. Con este fin, partimos dunha pequena escolma de voces que non trata de ser representativa, senón que simplemente aspira a fornecer exemplos que ilustren os distintos tipos de transformacións experimentados por estas voces dialectais e / ou minoritarias. A nosa atención centrarase en primeiro termo en contrasta-la distribución xeográfica que presentan na actualidade co uso literario actual e pretérito. Para o primeiro tomaremos como punto de referencia os datos obtidos nas enquisas do *ALGa*; para o segundo empregaremos-la base de datos lexicográfica do ILG, que na actualidade abrangue preto de 10 millóns de rexistros, sumando os correspondentes a textos literarios cultos e populares, a textos orais e a textos non literarios de natureza diversa. Este contraste permitiranos analizar tres aspectos que entendemos que teñen unha grande relevancia para os nosos intereses. En primeiro lugar, o que podemos denominar ‘des-dialectalización’, é dicir, a perda da súa condición de voces dialectais e a súa conseguinte conversión en vocábulos de uso común. Para iso utilizaremos como indicador a frecuencia de uso e, de maneira especial, a presenza en autores que, pola súa procedencia xeográfica, non debían ter esas formas como propias. En segundo lugar, a evolución semántica experimentada, con especial atención á asunción de novas acepcións máis abstractas por causa do seu uso en sentido figurado ou metafórico. Finalmente, o que chamaremos ‘literaturización’ ou, dito doutro xeito, a súa conversión en voces estilisticamente marcadas como propias do rexistro literario.

En todo caso, antes de comezar con esta análise é necesario facer algunhas consideracións sobre cómo foi percibida historicamente, e cómo é percibida na actualidade, a diversidade dialectal en relación coa construción do estándar. De maneira xeral, podemos dicir que xa desde as primeiras reflexións metalingüísticas que aparecen nalgúns textos do século XIX, esta diversidade é obxecto de valoracións aparentemente contradictorias. Por unha banda, a variedade é percibida como un tesouro, como un índice da riqueza e da vitalidade do galego. Por outra, sen embargo, vese como unha fonte de confusión e como un obstáculo que dificulta a conformación e

consolidación dunha variedade modélica común. Significativamente, e aínda que por razóns diversas, esta é a conclusión a que se chega tanto desde presupostos filoleguistas (co fin de subliña-la necesidade da unificación) como desde as posicións máis recalcitrantemente antigaleguistas (neste caso para poñer de relevo a inutilidade de calquera tentativa de codificación e estandarización). A título de exemplo, entre os simpatizantes da causa do galego pódense citar casos coma o de Cuveiro, que se refire ás “infinitas subdivisiones de las cuatro provincias gallegas, en comarcas tambien especiales y en las que tampoco se entienden entre sí, ciertos vocablos ó frases enteras” (Cuveiro 1868: VI), ou o de Pardo Becerra, que afirma que “n-un mesmo Auntamento, se falan palabras compretamente difrentes pra expricar unha mesma cousa” (Pardo Becerra 1889: 74). Polo que se refire ós antigaleguistas, a expresión máis contundente do seu pensamento ofrécenola Joaquín de Arévalo:

Unos dicen *estadullo*, otros *fungueiro*, otros *fueiro* y todo ello es un palo. Unos llaman a la mariposa *abelaiña*, otros le dicen *volvoreta*. Unos dicen *zamelu*, otros *mamota*, otros *zoncho*, total, lo mismo: castañas. Unos pronuncian *barrelo*, otros *berve*, otros *arrulo*, que es la cuna (Arévalo 1888: 308).

Esta constatación lévao a concluír que “apenas podrán reunirse gallegos de las cuatro provincias que se entiendan entre sí” (308).

Esta avaliación negativa da diversidade dialectal fúndase na percepción deste fenómeno como unha proxección da maldición de Babel, que conduce invariablemente a asociar diversidade con confusión, desunión e incomunicación. Neste sentido, as diferencias diatópicas virían a se-la traducción en termos lingüísticos do minifundismo. En última instancia, esta visión non é moi diferente da percepción ‘popular’ do fenómeno, bastante instalada aínda hoxe nun bo número de falantes espontáneos, que se caracteriza, por unha banda, por unha acusada tendencia a magnifica-las diferencias e, por outra, por consideralas como un trazo singular do galego. Canto ás apreciacións sobre a magnitude do fenómeno, a esaxeración resulta evidente á luz da propia consciencia lingüística dos falantes que, malia as diferencias que os separan dos seus veciños, non por iso deixan de recoñecerse como falantes dunha mesma lingua. De por parte, a consideración da diversidade como unha peculiaridade do galego deriva, como indica Álvarez Blanco, do prexuízo de que “unha lingua ben conformada debe estar pouco suxeita á variación, tal como eles [os falantes espontáneos] perciben, nunha ollada superficial e pouco experta, o modelo de español que se lles presenta na escola, nos libros e nos medios de comunicación” (Álvarez 1996: 157). Aínda así, na miña opinión, por máis que unha parte importante do contacto con outros idiomas teña lugar a través de medios que empregan a variedade

estándar, resulta indiscutible que no caso dunha lingua próxima coma o español os falantes galegos, por pouco expertos que sexan, teñen evidencias de abondo como para seren conscientes da súa diversidade interna. Pese a todo, mentres que no caso do español prima a percepción dos aspectos comúns, no do galego o acento recae máis ben sobre os elementos diferenciais. Este contraste debe explicarse seguramente como unha consecuencia do diferente grao de estabilidade da variedade estándar e, ó mesmo tempo, do diferente grao de normalidade do uso social das dúas linguas.

Así as cousas, cómpre preguntármonos agora sobre cáles foron as vías que se exploraron para superar esta situación. Neste sentido, débese salientar que xa desde o Rexurdimento se impuxo a convicción de que a variedade común non podía ser de base monodialectal. Comprendíao moi ben Saco cando dicía que “mostrará hartamente censurable exclusivismo aquel que entre las varias formas de que para una misma idea abunda nuestro dialecto, no reconoce como castizas, sino únicamente aquellas que está acostumbrado á oír en la localidad de su nacimiento ó residencia” (Saco 1868: X). Como é sabido, nun primeiro momento, a integración da pluralidade dialectal produciuse a través da acumulación e mestura de achegas de procedencias diversas. Este é o procedemento a que animaba xa o propio Saco na súa gramática:

Lejos de tener por vituperable esta mezcla de las formas subdialecticas, nos parece, haciéndolo con discreción y oportunidad, útil y conducente para aumentar la riqueza y variedad del gallego literario (Saco 1868: 234).

Esta práctica veríase favorecida loxicamente polo diálogo intertextual, máis fluído conforme se incrementa a produción escrita en galego e se vai perfilando xa un grupo de escritores ós que se atribúe a condición de clásicos. Desta maneira, no cultivo do galego escrito apréciase unha evolución espontánea que podería definirse, empregando unha expresión feliz de Antón Santamarina (1994: 70), como “superación do municipalismo lingüístico”. Esta tendencia tradúcese na práctica na desaparición ou na disolución nos textos daqueles elementos que delatan a patria dialectal dos seus autores:

Cos primeiros escritores do Rexurdimento (e mesmo cos gramáticos) poderíamos facer unha especie de xeografía dialectal semellante á que fan os filólogos cos primeiros textos da Idade Media [...]. É claro que a lingua de Rosalía de Castro é fundamentalmente a do sueste de Santiago [...]. En Rosalía o que non é galego dialectal é castelanismo, en menor medida lusismo, e escasamente hipergaleguismo. Curros e Pondal xa non son fundadores. Contan cunha tradición, aínda que sexa breve. E isto transparece claramente nos seus escritos. En Curros, á parte dun sustrato galego ourensán [...], xa se nota un enriquecemento propio galego co doutros autores. O mesmo podemos dicir de Pondal. Pouca perspicacia lingüística fai falta para advertir neste un grande esforzo por fuxir do xiro

localista exclusivo [...]. Cando chegamos ós escritores da Xeración Nós non que dan senón sotaques localistas (Santamarina 1994: 69-70).

A inexistencia da máis mínima cobertura institucional que permitise aborda-la codificación obrigaba a confiar esta tarefa ó propio cultivo. Deste xeito, ábrese camiño a idea de que antes de aborda-la construción da variedade común é preciso realizar un traballo de carrexo e acumulación de materiais. Enténdese, pois, que será o uso dos escritores o que vaia dando prioridade a unhas solucións en detrimento doutras de tal xeito que se vaia perfilando esa variedade. Só nunha fase avanzada deste proceso será chegado o momento da unificación efectiva. Esta idea aparece expresada de maneira moi nidia na introducción de Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega ó *Cancioeiro da poesía céltiga* de Julius Pokorny:

Entendemos que a nosa evolución lingüística non pasou dista etapa de escolma a unha etapa, necesariamente posterior, de unificación. Hoxe en día non se podería trazar un lindeiro craro e seguro entre “galego literario” e “galego popular”, inda que estamos en camiño de acadar tal diferenciación (Fernández de la Vega e Piñeiro 1952: XVI).

A idea de Piñeiro e Fernández de la Vega está amplamente representada nos textos lingüísticos da época prenortativa. Como exemplo desta “concepción da lingua como un ser vivo con autonomía”, que ten a súa orixe na lingüística romántica (Alonso Pintos 2000: 105), pode citarse o caso do primeiro Carballo Calero, que se pronuncia en parecidos termos en varias das súas obras. Así, as normas da RAG de 1971, das que Carballo foi o principal responsable, refírense á cuestión nos seguintes termos:

Xa se comprende que, aparte da ortografía e da morfoloxía, a codificación dun idioma literario abranxe outros aspectos. Mais, dunha banda, non é natural forzar académicamente esa unificación, sen agardar a que a lingua, en liberal competencia de formas, madure para ese fin (RAG 1971: 19).

O proceso de oficialización e institucionalización do galego que ten lugar desde finais dos anos 70 e, sobre todo, a partir dos primeiros anos 80 representa un importante salto cualitativo, na medida en que por vez primeira, con respaldo oficial, o galego é obxecto dunha regulamentación formal e explícita, sobre todo no relativo á súa ortografía e morfoloxía, pero tamén, aínda que dunha maneira máis laxa, ó seu léxico. Esta codificación máis estricte vén esixida polas novas funcións ‘altas’ que o galego comeza a asumir (ensino, medios de comunicación de masas, Administración, etc.) e que veñen a sumarse ós usos xa tradicionais como vehículo para a expresión literaria e intelectual. Estes novos usos non literarios demandan obviamente un léxico máis preciso e unívoco cós textos literarios.

En calquera caso, con esta ampliación funcional a codificación (tamén a codificación léxica) pasa a ocupa-lo centro do escenario e convértese nun obxectivo prioritario ó que se deben subordinar outros intereses e ó que se debe contribuír desde tódolos ámbitos, entre eles tamén desde o da creación literaria. Deste xeito, sobre os ombreiros dos escritores recae non só o peso de crear literatura, senón tamén o de ser axentes da estandarización, o de actuar como propagandistas e difusores do estándar.

Neste contexto, a presenza nos textos literarios de trazos léxicos dialectais ou locais vai mingando ata facerse practicamente inapreciable, fóra dalgúns casos excepcionais que non fan máis que confirma-la regra. Tamén é posible que en moitos destes casos (penso sobre todo nos escritores de extracción urbana) non haxa vestixios da procedencia dialectal do autor non porque esta se oculte ou se enmascare, senón simplemente porque non existe.

En definitiva, semella que a riqueza, a variedade e a diversidade son un prezo que hai que pagar polo beneficio superior da codificación e estandarización. Sen embargo, o estándar non ten por que anula-la variación. En realidade, conforme indica Paul Garvin (1964), o estándar, ademais de proporcionar prestixio á propia lingua e á comunidade que a fala, ademais de aglutina-lo conxunto de variedades que pretende cubrir e ademais de marcar con nitidez as extremas cos estándares veciños, actúa como un elemento de referencia con respecto ó cal se ordenan e xerarquizan as demais variedades. Unha forma defínese como ‘vulgar’, ‘coloquial’, ‘literaria’, ‘dialectal’, etc. só con relación a outra considerada como ‘normal’, ‘estándar’ ou ‘non marcada’.

Por outra banda, cómpre ter en conta que o filólogo e o escritor operan, ou deben operar, con lóxicas distintas. Se o filólogo aborda o traballo de selección do léxico estándar atendendo a criterios como a representatividade das escollas (é dicir, a súa difusión xeográfica e demográfica), a tradición, a harmonización coas demais linguas románicas, etc., ó escritor en principio deben preocuparlle tamén os aspectos de tipo estilístico que habitualmente ocupan, no mellor dos casos, un lugar marxinal nas reflexións do filólogo.

Neste sentido, o profesor Antón Figueroa tense referido ó que denomina unha “excesiva filoloxización” do texto literario (Figueroa 1988: 29). Nunha situación de ‘normalidade’, cunha variedade estándar razoablemente estabilizada e socializada, é dicir, coñecida e asumida como tal pola xeneralidade dos seus usuarios potenciais, o emprego literario de solucións dialectais (ou vulgares, coloquiais, arcaicas, etc.) é percibido polos lectores como unha desviación con respecto ó considerado ‘normal’. Deste xeito, emisor e receptor, escritor e lector funcionan nunha mesma lonxitude de onda, de tal xeito que o escritor pode empregar-lo dialectal na confianza de que o destinatario da obra vai interpreta-la mensaxe de acordo coas pretensións con

que esta foi codificada. Pola contra, nunha situación como a galega, en que o estándar (polo menos o estándar léxico) non está plenamente consolidado e socializado, esa mínima garantía non existe. Deste xeito, como indica Figueroa, “o texto na súa lectura verase ás veces dotado dunha ambigüidade suplementaria e non querida [...]. Por poñer un exemplo: imaxinemos que un autor emprega a palabra X que el entende como pertencente ó galego estándar, pero que en realidade é un localismo ou un dialectalismo de ámbito ben restrinxido: o lector non poderá menos de ver aí un feito estilístico, non poderá menos de *ler* un feito de estilo que por suposto o autor non controla. Supoñamos que o autor desexa utilizar —como o fai Gide, por exemplo— un arcaísmo para producir determinados efectos, ¿non é moi posible que o lector o interprete coma unha palabra das recién introducidas para substituír a un castelanismo..., coma un dialectalismo, etc.?” (Figueroa 1988: 28).

Nun contexto en que o dialectalismo, especialmente o léxico dialectal, non é percibido como tal, é dicir, como forma desviada, a non ser por un reducido grupo de lectores altamente filoloxizados, máis có seu emprego con este fin (por exemplo, como recurso para caracterizar un personaxe ou para ambientar un tema local), interéstanos máis ben analiza-lo aproveitamento, a explotación literaria de formas dialectais de circulación restrinxida e os efectos que esa explotación pode ter sobre a difusión e o estatuto desas formas. Cumpramos, pois, co prometido ó comezo e vexamos algúns exemplos.

1. *Abrente*

A xulgar polos datos que ofrece o *ALGa*, *abrente* é unha palabra de moi escasa presenza no galego oral. De feito, sumando as respostas ás preguntas 527 (*Alba, luzada, madrugada*) e 528 (*Aurora, abrente, amañecer, amanecer*) do cuestionario, só aparece rexistrado en cinco puntos dispersos da provincia da Coruña (*vid.* Mapa 1, elaboración propia, como tódolos outros que se presentan, a partir de materiais inéditos do *ALGa*). En consonancia con esta escasa representación no galego oral, e segundo a base de datos lexicográfica do ILG, a súa frecuencia nos textos literarios do século XIX semella proporcionalmente escasa. De feito, significativamente só aparece documentada co seu sentido recto nunha cántiga popular:

Tras o *abrente* do día a iauga fresca catar (Domingo Blanco [1880]).


Igualmente significativo é o feito de que esta voz non apareza na lexicografía galega ata o *Vocabulario Popular Galego-Castelán*, que o recolle, igual cós dicionarios de Carré e de Eladio Rodríguez, unicamente coa acepción de ‘amañecer’.

Mais velaquí que a súa fortuna literaria muda radicalmente a partir da década de 1920. Se en toda literatura producida no século XIX *abrente* só aparecía unha vez (e nunha cántiga popular), na década dos 20 aparece 34 veces no corpus manexado; na década dos 30 os rexistros elévanse xa a 54. En liñas xerais, pódese dicir que o seu rendemento se mantén ata a actualidade.

Noutra orde de cousas, conforme se produce a súa difusión no galego escrito, a palabra experimenta unha dobre evolución: por unha banda, vaixe cargando estilisticamente de xeito que queda marcada como forma literaria ou poética, fronte a outras solucións máis ‘comúns’ e triviais (*amencer, amañecer*); por outra, vai asumindo novos sentidos figurados ou metafóricos co denominador común de ‘primeiros momentos da vida ou do desenvolvemento de algo ou de alguén’:

Foi no país lonxano do *abrente* da miña vida (Carballo 1934).

A máis antiga voz do *abrente* da civilización occidental europea (Fernández de la Vega e Piñeiro 1952).



Mapa 1. Distribución de *abrente*

Aínda que os exemplos desta ampliación semántica son moi variados, o máximo rendemento parece estar ligado ó emprego, revestido dunha forte carga simbólica e ideolóxica, como ‘primeiros sinais dun proceso que supón unha ruptura ou unha revolución con respecto ó presente’:

Asegurémola posesión absoluta do porvir, cuio *abrente* lumioso andan xa a anunciaren as siñás... (*Rexurdimento* 1922).

Esculcando o porvir que xa encetou o seu *abrente* lumioso (*A Nosa Terra* 1928).

Agora somos homes, estamos no *abrente* dunha nova era (Otero Pedrayo 1928).

Tiña a seguranza de vivir nun *abrente* no que a cencia sería a salvación dos homes (Otero Pedrayo 1928).

No galego anterior á guerra *abrente* asume aínda unha acepción máis, a de ‘oriente’, que, sen embargo, non chegou a callar no galego literario:

Os tesouros do *Abrente* (Gómez Ledo 1928).

Recorrían o *Abrente* en pelerinaxe piadosa e centífica (*Logos* 1931).

As terras do Extremo *Abrente* (*Logos* 1931).

2. *Vagalume* / *lucecú*

Outro exemplo que pode ilustra-los efectos do respaldo literario sobre a fortuna dunha palabra de escasa frecuencia é o caso de *vagalume*. Non parece moi arriscado afirmar que esta é hoxe en día a denominación común, ‘estándar’, dun insecto coleóptero con aspecto de verme que emite luz na escuridade. Ó que parece, esta é tamén a forma consagrada pola literatura, cando menos no século XX. Na base de datos que tomamos como referencia aparece abondosamente rexistrado a partir de 1919, que é a data da documentación máis antiga:

Aquelas seis luces viventes en prena soma somellaban lucentes *vagalumes* (Carballal 1919).

Fronte a ela, a voz *lucecú* (coas variantes *lucencú*, *lucicú*, *lucincú*, *lužancú*), sen dúbida menos poética e evocadora, a penas tivo aproveitamento literario (9 ocorrencias no corpus, 4 delas en textos de Méndez Ferrín). Finalmente, outras denominacións populares son practicamente descoñecidas na literatura e atreveríame a dicir que tamén entre boa parte dos falantes actuais: *vella*; *velliña*; *vella facendo* ~ *quentando o caldo* ~ *as papas* ~ *a cea*; *vella morta*; *vella do caldo* ~ *das papas*; *vella das silveiras*; *vella en coiros*; *vella ceando*; *verme* ~ *bichoco de luz* ~ *da noite* ~ *lumieiro* ~ *alumón*, etc.



Mapa 2. Distribución de vagalume e lucecu e variantes

Sen embargo, unha visión do mapa correspondente permítenos comprobar cómo o rendemento literario de cada unha destas solucións resulta inversamente proporcional á súa presenza na fala. En efecto, *vagalume*, a máis frecuente nos textos, atopámola só en tres puntos dispersos; *lucecu* e variantes aparecen nunha área compacta que ocupa a metade sur da provincia de Pontevedra e zonas estremeiras da de Ourense; as restantes denominacións sobre a base de *verme* ou de *vella* aparecen espalladas polo resto do territorio (vid. Mapa 2). Semella, pois, que a elevación de *vagalume* á condición de forma estándar e a súa difusión actual é un produto dunha transferencia desde os dominios da literatura e non unha consecuencia do seu predominio na fala.


3. *Espreitar*

Espreitar é outro caso de solución con baixa frecuencia no galego oral. Como pode apreciarse no Mapa 3, as cinco localizacións aparecen salferidas polo sur da provincia de Ourense e no galego zamorano. En cambio, contra o que cabería esperar á vista da súa presenza na fala, *espreitar* conseguiu facerse un oco no galego literario.

Aínda que as primeiras documentacións datan de finais do século XIX, o impulso definitivo para a súa expansión prodúcese novamente na década dos

20. De feito, para o século XIX contamos unicamente cun pequeno grupo de exemplos do ourensán Lamas Carvajal:

Que mentras ando de noite Vidas doutros *espreitando*, Millor fora qu'estivera...
(O Tío Marcos 1877).



Mapa 3. Distribución de espreitar

Por máis que a súa difusión poida teoricamente atribuírse a unha influencia do portugués, en que *espreitar* se usa tanto co sentido de 'axexar' como co de 'escrutar' ou 'observar detidamente', semella cando menos factible explicala como unha evolución autónoma. Neste sentido, penso que a esta expansión non debeu de ser allea a sobreexplotación desta forma en Otero Pedrayo, ourensán coma Lamas, a quen se debe máis do 15% das ocorrencias rexistradas. Sexa como for, a súa desdialectalización percíbese claramente se considerámo-las orixes xeográficas dispares dos escritores que a empregan (Celso Emilio Ferreiro, Silvio Santiago, Carballo Calero, Rodríguez Baixeras, Bouza Brey, Ramiro Fonte, Manuel Forcadela, Anxo Rei Ballesteros ou Aquilino Iglesia Alvariño, entre outros moitos). De por parte, paralelamente á súa difusión na lingua literaria, *espreitar* comeza a asumir

acepcións próximas mais non plenamente coincidentes coa orixinal de ‘mirar ás agachadas, axexar’:

Sorprendeuna perto dos barracós *espreitando* cara o lugar onde estaban os presos (C. E. Ferreiro 1972).

Desde as póboas alguén me está a *espreitar* con binóculos (Rodríguez Baixeras 1987).

Nun paso máis alá, acaba sendo usado co sentido máis xeral de ‘mirar’, ‘contemplar’ ou ‘escrutar’:

A auga que corre polo val que *espreitas* dende o teu trono natural (Carballo 1934).

Niste intre comeza o val que temos de *espreitare* cos seus espallamentos e artellamentos (Otero Pedrayo 1962).

Detiña o seu cabalo para *espreitar* no ceo despexado da mañán, o voo dunha calandra (Rey Ballesteros 1992).

Ó tempo, o uso literario vai perfilando *espreitar* como forma estilisticamente marcada fronte a solucións alternativas como *axexar*, que de certo resulta máis trivial e coloquial e menos versátil (por monosémica).


4. *Arró* / *cómaro*

Pola contra, o caso de *arró* pode servir para ilustrar un proceso frustrado de elevación mediante o cultivo literario dunha solución minoritaria no galego oral. Para designa-la faixa de terreo, normalmente elevada, que se deixa sen cultivar como medio para derregar dúas leiras existen en galego diversas solucións: unha delas, *arró*, rexístrase nos falares fisterráns; no resto do territorio as formas maioritarias son *cómaro*, *cómbaro* e a forma sufixada *com(b)areiro* (vid. Mapa 4).

A análise do corpus revela de xeito inequívoco que, a pesar do seu uso literario, mesmo por parte de autores relevantes (Añón, Pondal, Castelao), *arró* non conseguiu transcende-la fronteira do dialectal. É significativo neste sentido que a penas ten uso en escritores alleos á área da que é propia. Así, atopámola en Añón (Outes), Lisardo Barreiro (Noia), Castelao (Rianxo), García Rodríguez (Muros), Martelo Paumán (vinculado a Vimianzo), Pondal (Ponteceso), San Luis Romero (Carballo), Tobío Campos (Brión), Zapata García (Laxe), Valladares (A Estrada), etc.

Pola contra, a súa forma rival, *cómaro*, arrinca xa con forza desde un principio e vese respaldada polo seu emprego nas tres coroas do Rexurdimento: Rosalía, Curros e o propio Pondal, que a pesar de non tela como propia emprega *cómaro* con máis frecuencia cá súa forma nativa. Amais do prestixio que lle debeu conferi-la súa presenza nos clásicos do Rexurdimento, *cómaro* seguramente recibiu un novo pulo mercé ó profuso emprego

que fai dela Aquilino Iglesia Alvariño. Doutra banda, se se atende á disposición cronolóxica dos rexistros, pódese advertir cómo mentres que *arró* desaparece dos textos a partir da década dos 70 (despois desa data só o atopamos en Darío Xoán Cabana e en Xosé Manuel Valcárcel, ambos lugueses aínda que con vinculacións coa área fisterrá), *cómaro* mantén a súa presenza na literatura producida na actualidade.



Mapa 4. Distribución de arró

De por parte, coma nos exemplos vistos anteriormente, *cómaro* experimenta, paralelamente á súa difusión, un interesante proceso de ampliación que aproveita os dous trazos semánticos que nuclea o seu significado orixinario: o de 'elevación' e o de 'estrema'. Deste xeito, asume, por unha banda, a acepción de 'outeiro' (que logo pode ser usado metaforicamente):

No lonxe, erguíase un *cómaro* cun pobo roxo e requeimado na aba (Méndez Ferrín 1958).

Noia está nun pequeno *cómaro* mirando para a ría (Díaz Fernández 1985).

Porque se erguían no horizonte uns *cómaros* de nubes brancas (Piñeiro 1974).

e, por outra, a de 'límite', normalmente en sentido abstracto:

Unha enfeitizante harmonía celestial que transcende os *cómaros* do entendemento humano (Lama 1995).


¿Que muller alindaba alí, a carón de min mesmo, nos *cómaros* do meu espírito? (Cunqueiro 1959).

Pola contra, *arró* nunca deixou de ser empregado co seu sentido material orixinario.

5. Xena

Un caso semellante é o de *xena*, unha solución alternativa ós máis comúns *cabra* ~ *craba* e *cabuxa* que o *ALGa* rexistra só en tres puntos do occidente de Ourense (*vid.* Mapa 5).

Aínda sendo unha forma tan minoritaria, ten certa tradición na literatura, non tanto pola cantidade como pola relevancia dalgúns dos escritores que a empregaron (Saco, a quen corresponde o rexistro máis antigo, Otero Pedrayo, Méndez Ferrín, Antón Tovar). Como se pode apreciar por esta curta nómina de escritores, tampouco *xena* conseguiu desdialectalizarse e, deste xeito, pasar ó fondo común do galego literario.



Mapa 5. Distribución de xena

6. *Acio* / *cacho*

Os casos de *acio* e *cacho* constitúen uns bos expoñentes dos efectos contrapostos do cultivo literario sobre a difusión de dúas solucións orixinalmente marcadas como dialectais.

No Mapa 6 pode verse cál é a distribución territorial destas solucións no galego oral. *Acio*, que ocupa unha área algo maior, rexístrase fundamentalmente na metade norte da provincia de Pontevedra e as zonas estremeiras de Lugo e Ourense (abranguendo total ou parcialmente as comarcas do Salnés, da Ulla, e do Ribeiro de Avia e do Miño). Pola súa parte, *cacho* localízase en puntos dispersos salferidos por todo o territorio galego e nunha zona compacta situada ó sur da provincia de Pontevedra, que inclúe a zona de produción vinícola do curso baixo do Miño. No resto do territorio galego coexisten sen formar áreas diversas solucións: *cacho*, *piña* e, máis comunmente, o castelanismo *racimo* ou algunha das súas variantes.



Mapa 6. Distribución de *acio* e *cacho*

No corpus considerado a frecuencia relativa das dúas solucións é de 24 ocorrencias de *acio* por cada aparición de *cacho*. Ademais, *cacho* está presente fundamentalmente en textos de inspiración popular (entre eles en dous

autores de relevo como Rosalía e Pintos) en tanto que *acío* a penas conta con competidores na literatura culta. A selección de *acío* como forma literaria favoreceu sen dúbida a súa conversión na forma de referencia do estándar e, por outra banda, propiciou a ampliación da súa esfera semántica ata facela capaz de designar metaforicamente un conxunto nutrido de elementos apretados:

Os *acíos* de anxos treman de emoción facendo renxer as trabes (Carballo 1934).

Na cidá das cadeas e dos mortos en *acíos* (C. E. Ferreiro 1962).

Dan *acíos* de flores brancas cun intenso arrecendo a mel (Válcárcel 1997).

Cacho, pola contra, só é usado co sentido orixinario de conxunto de uvas unidas por un cangallo. De por parte, a selección de *acío* en detrimento de *cacho* non sería allea ó feito de ser esta unha palabra polisémica e seguramente connotada como pouco elevada.

7. *Píntega* / *sacabeira* / *salamántiga* / *sabanduxa*

O caso destas formas reviste un interese especial na medida en que, a vulgar polo reparto territorial que se pode apreciar no Mapa 7, non parece que no galego oral exista un predominio claro de ningunha delas. En calquera caso, o contraste da distribución xeográfica co uso literario ofrece numerosos datos de interese. Así, atendendo á súa frecuencia en termos absolutos, advírtese que *píntega* e *salamántiga* son, por esta orde, as formas máis empregadas nos textos, en contraste con *sacabeira* e *pinchorra*, que cuns poucos rexistros cada unha ocupan a banda baixa da escala. Por outra banda, canto á desdialectalización, a análise do corpus indica ben ás claras que *sacabeira* e *pinchorra* non conseguiron proxectarse fóra das súas áreas orixinarias. De feito, *sacabeira* aparece exclusivamente en autores mindonienses (Xan de Masma, Leiras, Goy Díaz, Crecente Vega, Lence Santar), en tanto que *pinchorra* aparece en autores nativos da metade sur de Lugo (*A Monteiro*, Rodríguez López, Darío Xohán Cabana) ou con vinculacións con esta área (Carballo Calero). De xeito semellante, *salamántiga* rexístrase maioritariamente en autores ourensáns (García Ferreiro, Pérez Placer, Risco, Méndez Ferrín...). O uso de *píntega*, en cambio, non parece estar vinculado á orixe do escritor. Deste xeito, témola en autores de procedencias diversas como Cotarelo, Fuco Gómez, Iglesia Alvariño, Gómez Ledo, Margarita Ledo, Méndez Ferrín, López Casanova, Rodríguez Baixeras, Cuña Novás, etc.

Tanto ou máis interesante resulta a distribución cronolóxica, que mostra de xeito inequívoco que *píntega* é, fronte ás súas potenciais competidoras, unha forma en expansión. En efecto, se considerámo-los textos do corpus publicados despois de 1980, advertimos que *sacabeira* carece de uso nos tex-

tos actuais; de *pinchorra* rexistramos unha soa ocorrencia (no chairego Darío Xohán Cabana); *salamántiga* aparece en cinco ocasións; finalmente, *píntega* atinxe a cifra de 20 rexistros nese mesmo período.



Mapa 7. Distribución de píntega, sacabeira, sapagueira, pinchorra, sabanduxa, salamántiga e saramaganta


8. Xebrar

Deixo deliberadamente para o final o caso de *xebrar*. Esta palabra rexístrase fundamentalmente na banda máis oriental de Lugo e no galego de Asturias e León para designa-la acción de separar persoas ou cousas, e especialmente o gando que vén xunto do monte ou do pasto (*vid.* Mapa 8).

Os exemplos do seu uso literario mostran que existe unha coincidencia fundamental entre a zona de procedencia dos escritores que a empregan (Iglesia Alvariño, Ramón Piñeiro, Fole, Gayoso Veiga, Valentín Arias, Rábade Paredes, Xosé Manuel Valcárcel...) e a área que ocupa no galego oral. Aparentemente non se pode dicir, pois, que tocante ó uso literario *xebrar* conseguira culmina-lo seu proceso de desdialectalización. Sen embargo, existen indicios que apuntan a unha difusión incipiente en textos non literarios e, por outra banda, ó seu emprego con significados non materiais:

A imaxinación permite independizarse, *xebrarse* da imposición limitativa da realidade (Piñeiro 1974).

Nesta división *xebrábanse* das algas por un carácter negativo (Castro e Freire 1982).



Mapa 8. Distribución de xebrar

Os exemplos propostos mostran, ou cando menos esa foi a nosa pretensión, os efectos e as posibilidades que ofrece a explotación literaria do léxico pouco representado no galego oral ou propio de áreas dialectais restrinxidas. Segundo mencionabamos antes, nunha situación de diglosia, existen dificultades certamente notables para que os elementos dialectais empregados no texto poidan ser percibidos como tales polos máis dos lectores; de por parte, nin sequera os máis filoloxizados, capaces de identificar esas voces como dialectais, teñen garantido que a presenza deses elementos responda a un uso estilístico deliberado do autor. Aínda así, a presenza de léxico dialectal minoritario nos textos revélase útil, en primeiro termo, porque cando menos nalgúns casos contribúe ó arriquecemento do galego literario e eventualmente do galego estándar común e, por outra banda, porque, mesmo nas condicións actuais e independentemente de que o destinatario da obra as identifique especificamente como voces dialectais, o emprego de solucións minoritarias constitúe un recurso estilístico que non se contradí necesariamente coa función do escritor como axente difusor do estándar.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- Alonso Pintos, S. (2000): *Para unha historia do estándar galego. As propostas do período 1966-1980*. Memoria de licenciatura. USC.
- Álvarez Blanco, R. (1996): “Na estrema do galego: a lingua do Bierzo Baixo transmitida por Fernández y Morales”, in R. Lorenzo e R. Álvarez (eds.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago: Universidade, pp. 157-202.
- Arévalo, Joaquín de (1888): “El dialecto”, *Galicia. Revista Regional* II, 7, pp. 301-312.
- Cuveiro Piñol, Juan (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*. Pontevedra: Imp. de José A. Antunez y C^a.
- Fernández de la Vega, C. e R. Piñeiro (1952): “Acraracións dos tradutores”, in J. Pokorny: *Cancioneiro da poesía céltica*. Santiago: Bibliófilos Gallegos, pp. XIII-XVI.
- Figueroa, A. (1988): *Diglosia e texto*. Vigo: Xerais.
- Garvin, Paul L. (1964): “The Standard Language Problem: Concepts and Methods”, in Paul L. Garvin: *On Linguistic Method. Selected Papers*. The Hague: Mouton, pp. 153-158.
- Pardo Becerra, Manuel (1889): “Da fala gallega”, *A Monteira*, I, 1 (05.10.1889), pp. 4-6; 4 (26.10.1889), pp. 28-29; 10 (17.12.1889), pp. 74-75.
- Real Academia Gallega (1971): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: RAG.
- Saco Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- Santamarina, A. (1994): “Galegisch: Sprachnormierung und Standardsprache. Norma y estándar”, in G. Holtus, M. Metzeltin e Ch. Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Vol. VI, 2. Tübingen: Niemeyer, pp. 66-79.

FONTES DOS EXEMPLOS

- A Nosa Terra. Boletín decenal. Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d' América e Portugal*. A Coruña, 1916-1936.
- Blanco, D. (1994): *A poesía popular en Galicia (1745-1885)*. 2 vols. Vigo: Xerais.
- Carballal, R. (1919): *O tesouro acobillado*. A Coruña: Terra a Nosa.
- Carballo Calero, R. (1934): *O silenzo axionllado*. Santiago de Compostela: Nós.
- Castro, M. e L. Freire (1982): *Guía das setas ou cogumelos comestibles de Galicia*. Vigo: Xerais.
- Cunqueiro, A. (1959): *O incerto señor don Hamlet*. Vigo: Galaxia.
- Díaz Fernández, X. (1985): *Contos*. Montevideo: Patronato da Cultura Galega.
- Fernández de la Vega, C. e R. Piñeiro (1952): “Acraracións dos tradutores”, in J. Pokorny: *Cancioneiro da poesía céltica*. Santiago: Bibliófilos Gallegos.
- Ferreiro, C. E. (1962): *Longa noite de pedra*. Vigo: Galaxia.
- Ferreiro, C. E. (1972): *A fronteira infinda*. Vigo: Castrelos.
- Gómez Ledo, A. (1928): *Borreas*. Madrid.
- Lama, X. (1995): *Os moradores da nada*. Vigo: Galaxia.
- Logos. Boletín Católico Mensual*. Pontevedra, 1931-1936.
- Méndez Ferrín, X. L. (1958): *Percival e outras historias*. Vigo: Galaxia.

- O Tío Marcos da Portela. Parrafeos co pobo gallego* . Ourense, 1876-1877, 1883-1888.
Otero Pedrayo, R. (1928): *O estudante*. A Coruña: Nós.
Otero Pedrayo, R. (1962): *Historia de Galiza*. Buenos Aires: Nós.
Piñeiro, R. (1974): *Olladas no futuro*. Vigo: Galaxia.
Rei Ballesteros, A. (1992): *Loaira*. Vigo: Galaxia.
Recurdimento. Boletín quincenal. Órgao dos intereses mariñás . Betanzos, 1922-1923.
Rodríguez Baixeras, X. (1987): *Anos de viaxe*. Vigo: Xerais.
Valcárcel, X. M. (1997): *Os ollos da sentinela*. Vigo: Galaxia.